

Código do curso	LIN-25-072
Denominación	DESENVOLVEMENTO E ESTIMULACIÓN DA ATENCIÓN, MEMORIA E OUTRAS FUNCIÓNS EXECUTIVAS
Persoas destinatarias	Persoal educador da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
Número de horas	20
Datas	Do 06/10/2025 ao 31/10/2025
Metodoloxía	Teórico-práctica
Obxectivos	• Coñecer as bases do desenvolvemento cognitivo infantil, especialmente en relación coa atención, coa memoria e coas funcións executivas • Aplicar estratexias efectivas para mellorar a atención e a memoria en menores mediante xogos e técnicas de estimulación cognitiva • Fomentar a mellora das funcións executivas na infancia, o que incide directamente no seu éxito académico e na súa capacidade para resolver problemas • Identificar e abordar trastornos que afectan as funcións cognitivas, coma o TDAH, e saber como traballar con nenas e nenos que presentan dificultades nestes aspectos. • Capacitar as e os profesionais para avaliar, facer seguimento e realizar intervencións efectivas no desenvolvemento cognitivo das nenas e nenos.
Contido	Módulo 1. Introducción ao desenvolvemento cognitivo infantil • Concepto de funcións cognitivas e executivas. • Fases do desenvolvemento das funcións cognitivas na infancia • Importancia das funcións executivas no éxito académico e social Módulo 2. A atención no desenvolvemento infantil • Tipos de atención: selectiva, sostida, dividida • Desenvolvemento da atención nas distintas etapas • Estratexias para mellorar a atención nas e nos menores Módulo 3. A memoria nas e nos menores • Tipos de memoria: a curto prazo e de traballo. • Desenvolvemento da memoria nas primeiras etapas da infancia

	• Técnicas para mellorar a memoria na infancia Módulo 4. Funcións executivas en menores • Que son as funcións executivas: control inhibitorio, planificación, resolución de problemas • Desenvolvemento das funcións executivas na infancia • Estratexias para mellorar as funcións executivas: xogos de lóxica, planificación, toma de decisións Módulo 5. Intervención e estimulación cognitiva • Técnicas de estimulación para mellorar a atención, a memoria e as funcións executivas • Uso de novas tecnoloxías e xogos educativos • A colaboración familia-escola na estimulación cognitiva Módulo 6. Avaliación e seguimento • Métodos de avaliación das funcións cognitivas na infancia • Indicadores para detectar dificultades no desenvolvemento cognitivo • Como realizar un seguimento da mellora Módulo 7. Caso práctico e conclusións • Análise de casos prácticos • Debate sobre estratexias efectivas de intervención • Conclusións e ferramentas prácticas traballar con nenas e nenos
--	--